

DOMINGO 1 CORESMA Ciclo C

PRIMEIRA Dt 26, 4-10

Confesión de fe do pobo elixido

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO DEUTERONOMIO

Faloulle Moisés ao pobo dicindo:

O sacerdote collerá a cesta da túa man e poraa diante do altar do Señor, o teu Deus. Entón ti tomarás a palabra e dirás diante do Señor, o teu Deus: Meu pai era un arameo errante, que baixou a Exipto, onde residiu como emigrante con pouquiña xente, que o acompañaba. Alí converteuse nun pobo grande, poderoso e numeroso. Pero os exipcios maltratáronnos, oprímíronnos e impuxéronnos cruel servidume. Entón chamamos polo Señor, Deus de nosos pais, e o Señor escoitou o noso clamor e viu a nosa opresión e o noso duro traballo. Logo o Señor fíxonos saír de Exipto con man forte e brazo estendido, con grande terror, con sinais e con feitos marabillosos, e fíxonos entrar neste santuario e entregounos esta terra, terra que deita leite e mel. Por isto, velaí que agora eu trouxen as primicias dos froitos da terra que ti me deches, Señor.

Poralas na presenza do Señor, o teu Deus, prostraraste na presenza do Señor, o teu Deus.

SALMO RESP. Sal 90, 1-2. 10-11. 12-13 14-15

R/ (cfr 15b): *Estate comigo, Señor, nos apretos*

O que habita ao agarimo do Altísimo
e mora á sombra do Omnipotente,
dígalle ao Señor: -"Meu refuxio, miña forza,
meu Deus, en quen confío".

Ningún mal non te tocará,
ningunha praga non se achegará á túa tenda.
Pois El manda os seus anxos
para que te garden en todos os camiños.

Levarante nas palmas das mans,
para que non batan nas pedras os teus pés.
Esmagarás áspides e serpes,
calcarás leóns e dragóns.

Xa que me ten afecto, librareino,
poreino en seguro, xa que coñece o meu nome.
Chamame, e respondereille,
estarei con el nos apretos,
defendereino e honrareino.

SEGUNDA Rm 10, 8-13
Confesión de fe de quen cre en Cristo

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓRTOLO ÓS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

Que di positivamente a Escritura?

- Cerca de ti está a palabra, na túa boca e no teu corazón.

Esa é a palabra da fe que anunciamos. Porque, se confesas coa túa boca que Xesús é Señor e cres de corazón que Deus o resucitou dos mortos, serás salvo. Pois é crendo co corazón como se chega á xustificación; e é confesando coa boca como se chega a salvación. Porque di a Escritura: todo o que crea nel non quedará defraudado. Pois non hai diferenza entre o xudeu e o grego, xa que un mesmo é o Señor de todos, rico para todos os que o invocan; porque todo o que invoque o nome do Señor será salvo.

DOMINGO 1 CORESMA Ciclo C

EVANXEO Lc 4, 1-13
Era conducido polo Espírito ao deserto, e era tentado

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, Xesús, cheo de Espírito Santo, voltou do río Xordán, e o Espírito levouno deserto adiante, durante corenta días, onde o tentou o Satán. Naqueles días non probou bocado, pero ao cabo deles sentiu fame. E díxolle o Satán:

- Se es o Fillo de Deus, manda que estas pedras se volvan pan.

Respondeulle Xesús:

- Está escrito: O home vive de algo máis ca de pan.

Despois levouno a un outeiro e mostroulle nun intre todos os reinos do mundo. Díxolle o Satán:

- Dareiche todo o seu poder e toda a súa gloria, porque mos entregaron a min e doullos eu a quen quero: Se me adoras todo será teu.

Respondeulle Xesús:

- Escrito está: Adorarás ao Señor, o teu Deus, e só a El darás culto.

Levouno logo a Xerusalén e plantouno no cumio do templo e díxolle:

- Se es o Fillo de Deus, bótate de aquí abaixo, que está escrito: Mandará aos seus anxos para que te garden; e tamén: Levate nas súas mans para que non se manquen os teus pés nas pedras.

Xesús respondeulle:

- Está mandado: Non tentarás ao Señor, o teu Deus.

E rematadas as tentacións, o Satán deixouno ata o tempo axeitado.